



CONCURSO DE PARODIAS FEITO NA CASA

BASES

Con motivo da celebración do Entroido 2025 o Concello de Sanxenxo convoca o concurso de **Parodias Feito na Casa** no que os participantes deberán representar e escenificar situacións, feitos da vida cotiá, de actualidade, etc... con humor e enxeño en función das seguintes bases:

1.- Obxectivo. Os obxectivos principais desta convocatoria son estimular á poboación na creatividade e promoción do Entroido, así como a dinamización do comercio e restauración.

2.- Data de realización.- O concurso realizarase o **venres 7 de marzo ás 21,30 h no Salón de actos do Edificio de Usos Múltiples de Portonovo:**

3.- Inscripción.- O período de inscrición remata o día 5 de marzo ás 23,59 h. As inscricións serán gratúitas e poden realizarse por calquera dos seguintes medios:

- Presencialmente no rexistro do O. A. Terra de Sanxenxo na Casa do Concello (Avda. Madrid, 1 – 36960 Sanxenxo) de luns a venres de 8,30 a 14,00 h.
- Na sede electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal>) ata ás 23,59 h. Para elo será necesario dispoñer de DNI electrónico, certificado electrónico ou sistema de autenticación Cl@ve.

Todas aquelas solicitudes presentadas fóra de prazo non serán tidas en conta.

As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica en cumprimento do establecido no artigo 14.1.2. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas deberán presentar as solicitudes de inscrición a través da Sede electrónica do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo.

4.- Normas xerais de participación.-

Para participar neste concurso deberán ter en conta o seguinte:

- 4.1.- As persoas participantes deberán presentar como mínimo dúas actuacións.
- 4.2.- O espazo escénico que se ofrece aos grupos é un escenario de 4 x 4 m. A organización poñerá a disposición dos participantes equipo de son.
- 4.3.- Os participante deberán ter en conta que o atrezzo que precisen para a actuación deberá ser de fácil montaxe e adaptarse o espazo escénico.
- 4.4.- A orde de actuación será por orde de inscrición, en todo caso poderá ser modificada pola organización baseándose en motivos técnicos ou meramente organizativos.
- 4.5.- A duración máxima de cada actuación non deberá exceder os 5 minutos.
- 4.6.- A temática é libre, **parodiando** calquera situación ou tema en tónica de humor. Poderase empregar todo tipo de aderezo e caracterización. Quedarán prohibidos e serán vetados aqueles que a organización considere que conteñen



temática ou linguaxe inadecuado, ou que incorran de maneira manifesta ou encuberta en calquera acto reprochable ou denunciado.

Os participantes deberán ter en conta o seguinte:

- Queda prohibida a utilización de calquera clase de lume, xa sexan artefactos pirotécnicos, lanzadores de chamas, etc.
- Non se permite a participación de animais vivos.
- Todos os inscritos participarán no concurso pola súa conta e risco, ou en caso de menores de idade baixo a autorización do seu responsable legal.
- Cada participante farase cargo dos posibles danos que poidan ocasionar a si mesmos ou a terceiras persoas.

5.- Categoría, premio e accésits.-

Establecese unha única categoría única. O premio e accésits de participación son os seguintes:

Premio Único: 200 €

10 Accésit de participación de 50 €

Os accésit de participación non son acumulables co premio.

6.- Xurado

Os membros do xurado serán nomeados pola Concellería de Cultura e Eventos, puntuarán de 1 a 5 puntos os seguintes criterios:

- Orixinalidade
- Posta en escena
- Aderezo

O xurado valorará a todas as persoas participantes durante a súa actuación.

A organización e o xurado resérvanse o dereito de declarar como “deserta” ou de modificar o número de accésit se non se acadou un mínimo ou se considera que non se cumpren os criterios nos que se basea este concurso.

O premio e accésits daranse a coñecer unha vez rematadas as actuacións.

7.- **O pago** do premio e accésit de participación farase ás persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso. No caso de participantes menores de idade o premio farase ás persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso e que representan aos menores. As asociacións civís constituídas para esta actividade en concreto, deberán acreditar a súa formación coa presentación dunha acta na que figuren todos os membros do grupo e onde se decida as persoas sobre as que recae o premio.

Os premios estarán suxeitos a retención do IRPF, de acordo coa lexislación vixente.

8.- O O.A. Terra de Sanxenxo resérvase o dereito de fotografar ou gravar aos participantes, así como a utilización destas fotografías e/ou vídeos para a promoción do mesmo. Polo tanto, a participación no concurso supón, por parte dos participantes e dos pais, nais e tutores do menor, a autorización ao O.A. Terra de Sanxenxo para a utilizar e publicar a imaxe co fin de promoción e publicidade das súas actividades. No caso de non autorizar a utilización da imaxe para os fins anteditos, o interesado deberá facelo constar expresamente e por escrito no momento da inscrición. A organización resérvase



CONCELLO DE
SANXENXO

Rúa Madrid, nº 1
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tif. 986 720075
Fax 986 721022

o dereito de exhibir imaxes ou vídeos dos participantes nos lugares e datas que estime oportuno e cumprir coa finalidade mencionada.

9.- A inscrición e participación no **Concurso de Parodias Feito na Casa 2025** supón a total aceptación das presentes Bases. Para o non establecido nas Bases estará a decisión da organización.

Para máis información poden dirixirse a Concellería de Cultura e Eventos, teléfono: 986.727.936 ou correo electrónico: culturaterra@sanxenxo.org